

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DIA INTERNACIONAL DA MULLER

Coincidindo coa conmemoración o vindeiro día 8 de marzo do Día Internacional da Muller a Concellería de servizos sociais deste concello lanza novamente a súa campaña institucional en materia de sensibilización en igualdade entre mulleres e homes: "Crecendo en Igualdade", cuxo obxectivo xeral responde á seguinte máxima: Promover a participación activa das mulleres de Ponte deume na vida pública e no espazo social, recordando a toda a sociedade que a Igualdade de xénero non só debe ser acadada a nivel LEGAL, tamén ten que ser REAL. Abonda unha simple ollada á realidade máis próxima, para descubrir que a discriminación por razón de xénero segue vixente na práctica cotiá.

Entre as actividades propostas neste ano para impulsar esta campaña están:

- ▲ Realización dun encontro municipal de reflexión e debate sobre a igualdade na nosa vila. O obxectivo desta actividade é o de favorecer un encontro, tras un traballo previo coas distintas entidades municipais, no que se lles anima a observar a realidade máis próxima para que poidan tomar conciencia desta, compartindo mediante a participación activa a súa visión e percepción das problemáticas coas que conviven no día a día as mulleres eumesas e propoñer as alternativas que consideran viables en materia de igualdade de xénero. O Concello de Ponte deume está convencido de que a promoción deste tipo de actos favorecen a participación democrática así como unha actitude básica para a creación dunha sociedade máis xusta e igualitaria coa visión das e dos participantes : representantes do tecido asociativo eumes.
- ▲ Tertulias con acento feminino. Terán lugar entre os días 14 e 18 de marzo de 9:30 a 11:00 h. no IES Fraga do Eume. Esta actividade, previa inscrición no departamento de servizos sociais, vai dirixida a todas as mulleres que queiran informarse, , debatir, reflexionar sobre: Intelixencia emocional, os perigos das redes sociais, formación e emprego, saúde feminina e nutrición san e equilibrada

